

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 2011 (por non celebrarse o 24 de novembro de 2011).**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CINCUENTA E CINCO MINUTOS** do día **VINTECINCO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL ONCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D<sup>o</sup> MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D<sup>o</sup> MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D<sup>a</sup> MARGARITA CAMPOS ESPÍÑO** e **D<sup>o</sup> ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** a Interventora Municipal **DONA ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **DONA CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.-**
- 2º.- **DAR CONTA DECRETOS PARALIZACIÓN E OUTROS.-**
- 3º.- **DAR CONTA ESCRITOS ESPINA Y DELFÍN:**
  - **LIMPEZA FOSAS SÉPTICAS 2011.**
  - **SUMIDOIROS RÚA OUTEIRO.**
- 4º.- **INSCRIPCIÓN REXISTRO ASOCIACIÓNS MUNICIPAIS AMPA BRICADEIRA.-**
- 5º.- **MODIFICACIÓN PUNTUAL PLAN PARCIAL AREA 33.-**
- 6º.- **LICENCIAS URBANÍSTICAS.-**

- 1º.- **APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.-**

Non se presenta ningunha para aprobación.

- 2º.- **DAR CONTA DECRETOS PARALIZACIÓN E OUTROS.-**

Pola Sra. Alcaldesa-Presidenta dase conta dos seguintes Decretos:

**2.1.- "DECRETO DA CONCELLARIA DE CULTURA E TURISMO:**

Vista convocatoria das BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS A BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE INFORMACIÓN EN OFICINAS DE TURISMO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2012,

Publicada no BOP N° 205 de data 25 de outubro de 2011,

Esta Concellaría de Cultura e Turismo RESOL VE:

1.- Aprobar a Memoria denominada, " BOLSA DE COLABORACIÓN NA OFICINA DE INFORMACIÓN TURISTICA DE SILLEDA, cun orzamento total de 7.875,00 €.

2.-Solicitar unha subvención do 50 % do importe bruto dos custos de 3.937,50 €, en canto acto administrativo que non afecta a terceiros.

3- Dar traslado deste decreto a Alcaldía

4- Darlle conta á Intervención do acordo

Silleda, a 23 de novembro de 2011  
O Concelleiro de Cultura e Turismo  
(Resolución de Alcaldía sobre de  
Delegación de,competencias de  
4 de xullo de 2011)  
Asdo. Matías Rodríguez Da Torre

Dou fe, A Secretaria

Asdo. Cristina Alonso Losada"


A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**2.2.- "DECRETO DA ALCALDÍA**

*Vista a solicitude presentada por Dª Ana Rosa Comado Molina, con DNI nº 33288064-V, Rexistro de Entrada nº 5116 de data 24 de novembro de 2011, en representación da ANPA BRINCADEIRA, para que se proceda á inscrición da mencionada asociación no Rexistro Municipal de Asociacións sin ánimo de lucro.*

*Visto que presentáronse xuntamente a solicitude os documentos requeridos no artigo 236 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Corporacións Locais.*

*Esta Alcaldía-Presidencia, RESOL VE:*



1º.- *Avocar-la competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local, por resolución da alcaldía de data 04 de xullo de 2011.*

2º.- *Proceder a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións do concello de Silleda da ANPA BRINCADEIRA.*

*Silleda, a 24 de novembro de 2011*

*A ALCALDESA-PRESIDENTA*

*Asdo. Paula Fernández Pena*

*A SECRETARIA*

*(Art. 2 R.D. 1174/1987, do 14 de setembro)*

*Asdo. Cristina Alonso Losada*

*A Xunta de Goberno Local queda enterada.*

### **2.3.- "DECRETO DA ALCALDÍA**

*Comprobado por parte da Policía Local, segundo consta no seu informe de data 16 de novembro de 2011, que no lugar de Medelo, na parroquia de Manduas, estánse levando a cabo obras no tellado dun galpón, de planta baixa, que a promotora da obra resulta ser Dª. Carmen Pena Dopazo, e que dita actuación, segundo consta no informe policial, carece da preceptiva licenza.*

*De conformidade co disposto no artigo 72.2 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e dos artigos 194.2, 209 e 214.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, esta Alcaldía*

#### **RESOLVE**

*1. Ordear a suspensión inmediata de ditos actos realizados no lugar de Medelo, na parroquia de Manduas por parte de Dª Carmen Pena Dopazo*

*2. Acordar a adopción da seguinte medida cautelar:*

*- Ordenar o precintado das obras, instalacións e elementos auxiliares das actividades obxecto de suspensión.*

*3. Notificarlle a presente resolución á promotora das obras e advertirlle que o incumprimento da medida cautelar pode ser constitutiva de delito de desobediencia de conformidade co artigo 556 do Código Penal.*

*4. Dar traslado ao departamento municipal de Urbanismo para a emisión dos informes técnicos e xurídicos sobre estas obras.*

*5. Dar conta á Xunta de Goberno Local*

*En Silleda, a 18 de novembro de 2011*

*A ALCALDESA  
Paula Fernández Pena*

*DOU FE A SECRETARIA  
Cristina Alonso Losada  
(Art. 2 RD 1174/1987)"*

*A Xunta de Goberno Local queda enterada.*

#### *2.4.- "DECRETO DA ALCALDÍA*

*Comprobado por parte da Policía Local, segundo consta no seu informe de data 10 de novembro de 2011, que no lugar de Portapiñeiro, na parroquia de Piñeiro, estánse levando a cabo obras de restauración e reforma dun alpendre, con baixo e planta, que o promotor da obra resulta ser D. Agustín Bascuas Collazo, e que dita actuación, segundo consta no informe policial, carece da preceptiva licenza*

*De conformidade co disposto no artigo 72.2 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e dos artigos 194.2, 209 e 214.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, esta Alcaldía*

#### *RESOLVE*

*1. Ordear a suspensión inmediata de ditos actos realizados no lugar de Portapiñeiro, na parroquia de Piñeiro por parte de D. Agustín Bascuas Domínguez.*

*2. Acordar a adopción da seguinte medida cautelar:*


*- Ordenar o precintado das obras, instalacións e elementos auxiliares das actividades obxecto de suspensión.*

*3. Notificarlle a presente resolución á promotora das obras e advertirlle que o incumprimento da medida cautelar pode ser constitutiva de delito de desobediencia de conformidade co artigo 556 do Código Penal.*

*4. Dar traslado ao departamento municipal de Urbanismo para a emisión dos informes técnicos e xurídicos sobre estas obras.*

*5. Dar conta á Xunta de Goberno Local*

*En Silleda, a 18 de novembro de 2011*



A ALCALDESA  
Paula Fernández Pena

DOU FE A SECRETARIA  
Cristina Alonso Losada  
(Art. 2 RD 1174/1987)''

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**2.5.- "DECRETO DA ALCALDÍA**

*Comprobado por parte da Policía Local, segundo consta no seu informe de data 14 de novembro de 2011, que no lugar de Costela, na parroquia de Margaride, estánse levando a cabo obras de restauración e reforma dunha vivenda con baixo e planta, que a promotora da obra resulta ser D<sup>a</sup> Natalia López Sanmartín, e que dita actuación, segundo consta no informe policial, carece da preceptiva licenza*

*De conformidade co disposto no artigo 72.2 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e dos artigos 194.2, 209 e 214.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, esta Alcaldía*

**RESOLVE**

- 1. Ordear a suspensión inmediata de ditos actos realizados no lugar de Costela, parroquia de Margaride, por parte de D<sup>a</sup> Natalia López Sanmartín.*
- 2. Acordar a adopción da seguinte medida cautelar:*
  - Ordenar o precintado das obras, instalacións e elementos auxiliares das actividades obxecto de suspensión.*
- 3. Notificarlle a presente resolución á promotora das obras e advertirlle que o incumprimento da medida cautelar pode ser constitutiva de delito de desobediencia de conformidade co artigo 556 do Código Penal.*
- 4. Dar traslado ao departamento municipal de Urbanismo para a emisión dos informes técnicos e xurídicos sobre estas obras*
- 5. Dar conta á Xunta de Goberno Local*

*En Silleda, a 18 de novembro de 2011*

A ALCALDESA  
Paula Fernández Pena

DOU FE A SECRETARIA  
Cristina Alonso Losada  
(Art. 2 RD 1174/1987)''

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

## 2.6.- "DECRETO DA ALCALDÍA

*Comprobado por parte da Policía Local, segundo consta no seu informe de data 14 de novembro de 2011, que no lugar de Vilanova, na parroquia de Margaride, estánse levando a cabo obras de revestimento en pedra do muro exterior dunha vivenda, que o promotor da obra resulta ser D. José Ramón Fernández Areán, e que dita actuación, segundo consta no informe policial, carece da preceptiva licenza*

*De conformidade co disposto no artigo 72.2 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e dos artigos 194.2, 209 e 214.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, esta Alcaldía*

### RESOLVE

- 1. Ordear a suspensión inmediata de ditos actos realizados no lugar de Vilanova, parroquia de Margaride, por parte de D. José Ramón Fernández Areán*
- 2. Acordar a adopción da seguinte medida cautelar:*
  - Ordenar o precintado das obras, instalacións e elementos auxiliares das actividades obxecto de suspensión.*
- 3. Notificarlle a presente resolución á promotora das obras e advertirlle que o incumprimento da medida cautelar pode ser constitutiva de delito de desobediencia de conformidade co artigo 556 do Código Penal.*
- 4. Dar traslado ao departamento municipal de Urbanismo para a emisión dos informes técnicos e xurídicos sobre estas obras*
- 5. Dar conta á Xunta de Gobemo Local*


*En Silleda, a 18 de novembro de 2011*

*A ALCALDESA  
Paula Fernández Pena*

*DOU FE A SECRETARIA  
Cristina Alonso Losada  
(Art. 2º RD.1174/1987)"*

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3º.- **DAR CONTA ESCRITOS ESPINA Y DELFÍN:**



**- LIMPEZA FOSAS SÉPTICAS 2011.  
- SUMIDOIROS RÚA OUTEIRO.**

**3.1.-** Pola empresa Espina y Delfin S.L., preséntese escrito con Rexistro de Entrada nº 5007, de data 18 de novembro de 2011, en relación os sumideros da rúa Outeiro, comunicando que procedeuse a limpeza e desatascamento dos inbornais de dita rúa e, anque a colocación dos sifóns, o ser a rúa de recente construción, debería realizarse por parte da empresa adxudicataria da obra de execución das aceras, colocáronse tamén os sifóns nos verteaugas que carecían deles.

Visto que por sete comerciantes da rúa Outeiro de Silleda, preséntase escrito con Rexistro de Entrada nº 4607, de data 25 de outubro de 2011, no que expoñen as deficiencias da rede de alcantarillado e sumidoiros da rúa Outeiro, que fan que desprendan un fedor que xera unha mala imaxe dos establecementos e a súa vez repercute na rendabilidade dos mesmos.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de outubro de 2011 solicitouse informe á empresa concesionaria do servizo municipal de augas, Espina & Delfin S.L., para que proceda á limpeza dos sumidoiros da marxa dereita da rúa Outeiro, coa precaución de colocar os sifóns, en caso de non dispoñer deles

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar conta ós comerciantes da rúa Outeiro que presentaron o escrito de denuncia do escrito anteriormente mencionado.

**3.2.-** Escrito de Espina y Delfin S.L., Rexistro de Entrada nº 5008, de data 18 de novembro de 2011, comunicadno que os días 08 e 09 de novembro de 2011 procedeuse a limpeza correspondente ó ano 2011 das fosas sépticas de Taboada, Laro, Escudro, Lamela e Cira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda dar traslado deste escrito o Fontanero Municipal para que informe si a limpeza realizada e correcta e si esta realizouse en anos anteriores.

**4º.- INSCRIPCIÓN REXISTRO ASOCIACIÓNS MUNICIPAIS AMPA BRICADEIRA.-**

Pola Sra. Alcaldesa dase conta que por Dª Ana Rosa Comado Molina, con DNI nº 33288064- V, presentouse escrito con Rexistro de Entrada nº 5116 de data 24 de novembro de 2011, en representación da ANPA BRINCADEIRA, solicitando a inscrición da mencionada asociación no Rexistro Municipal de Asociacións sin ánimo de lucro, así como que **por Decreto da Alcaldía de data 24 de novembro de 2011 procedeuse a inscrición de dita no Rexistro Municipal de Asociacións, do cal douse conta a esta Xunta de Goberno Local no punto primeiro desta Acta.**

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**5º.- MODIFICACIÓN PUNTUAL PLAN PARCIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL AREA 33.-**

**A Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, por unanimidade dos presentes aprobou este acordo:**

Vista a seguinte documentación técnica elaborada por EPTISA , asinada pola arquitecta Ana Bértalo Pérez, de data novembro 2011:

- Modificación puntual do Plan Parcial área 33 ( Modificación puntual do Plan Parcial do polígono industrial área 33. Municipio de Silleda )
- Documento de inicio modificación puntual do Plan Parcial área 33 ( Documento de inicio. Modificación puntual do Plan Parcial do polígono industrial área 33. Municipio de Silleda )

Visto que se deu conta á Comisión especial de contas e informativa de economía, facenda, réxime interior, urbanismo, medio ambiente e medio rural de 17 de novembro de 2011, que quedou enterada.

Visto o informe técnico favorable do arquitecto do concello de data 24 de novembro de 2011.


Visto o artigo 93 da L.9/2002, 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no que se regula a alteración do planeamento, e en concreto, o establecido no art. 93,4º desta lei no que se indica que as modificacións de calquera dos elementos dos planes, proxectos, normas e ordenanzas suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

Visto o artigo 86 da L.9/2002, 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia no que se regula o procedemento de tramitación de planeamento de desenvolvemento (plan parcial).

Visto o artigo 84,4º da L.9/2002, 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia no que se regula a elaboración do planeamento municipal, e en concreto o referido á redacción dun anteproyecto de planeamento como documento de inicio que servirá de orientación para a elaboración e avaliación ambiental do plan.

Vista a Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación de efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

A Xunta de Goberno Local, vista a proposta de Alcaldía de 24 de novembro de 2011, en cumprimento da normativa exposta, aproba este acordo:





Iniciar a tramitación e **comunicar ó órgano ambiental** (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras ) a formulación da modificación puntual do Plan Parcial área 33 e **remitir o documento de inicio** (Documento de inicio. Modificación puntual do Plan Parcial do polígono industrial área 33. Municipio de Silleda) elaborado por EPTISA, asinado pola arquitecta Ana Bértalo Pérez, de data novembro 2011.

Este Documento de inicio Modificación puntual do Plan Parcial área 33 (Documento de inicio. Modificación puntual do Plan Parcial do polígono industrial área 33. Municipio de Silleda ), volume 1 de 1. Novembro 2011. elaborado por EPTISA , asinado pola arquitecta Ana Bértalo Pérez, será diligenciado pola secretaria xeral do concello para constancia do seu contido (un volume, dezanove follas a unha cara ); que inclúe un CD "Modificación puntual do Plan Parcial Area 33 . Documento de inicio. Novembro 2011".

## 6º.- LICENCIAS URBANÍSTICAS.-

### 6.1.- Actividades Clasificadas:

6.1.1.- Examinado o expediente promovido por Dº JOSÉ LUIS ESPÍÑO ESPANTOSO, en representación da Asociación de Veciños San Miguel de Lamela, en virtude de instancia nº 1824 de data 03 de maio de 2011, solicitando Licencia para construción de panteóns no cemiterio de Lamela (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra o 27 de abril de 2011, e con oficio de dirección do arquitecto técnico redactor do proxecto, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra o 27 de abril de 2011

RESULTANDO: Que incorporando o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Doporto Framil, de data 24 de novembro de 2011 no que se sinala:

#### *"NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

- 1.1 *TRLS/2008 (RDLex.2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 1.2 *LOUGA(L,9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 1.3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 1.4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 1.5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 1.6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L. 9/2002*
- 1.7 *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 1.8 *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística)*
- 1.9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico)*
- 1.10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*

- 1.11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 1.12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
- 1.13 *Planeamento do Concello de Silleda*
- 1.13.1 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991*
- 1.13.2 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995*
- 1.13.3 *M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995*
- 1.13.4 *M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002*
- 1.13.5 *M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP(ART78). A.def. o 07/03/2002*
- 1.13.6 *M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002*
- 1.13.7 *.P.Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981*
- 1.13.8 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002*
- 1.13.9 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007*
- 1.13.10 *E.D.Rua Butano. A.def. o 26/01/1984*
- 1.13.11 *E.D.Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984*
- 1.13.12 *E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984*
- 1.14 *Concordantes*

#### *ANTECEDENTES:*


*1 O día 3 de maio de 2011, José Luis Espiño Espantoso presenta solicitude de Licencia Municipal de Obras para a construción de panteóns na Cemiterio de Lamela. Acompaña a solicitude de dúas copias de proxecto básico e de execución asinado e visado, segundo se indica no cadro superior.*

#### *INFORME TÉCNICO:*

*2 O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, en virtude da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico. O uso do solo como cemiterio (art.33.2.g) é autorizable no solo rústico mediante Autorización Autonómica, que deberá tramitarse segundo o arto 41 da LOUGA. O proxecto dá cumprimento ás condicións urbanísticas para os cemiterios en solo rústico que establece o art. 42.*

*3 O mencionado cemiterio figura, entre outros, catalogado nas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial. Por tanto, en virtude do establecido no arto 195.3 LOUGA, as obras teñen consideración de obra maior.*

*4 Segundo a Lei 8/1995 do Patrimonio cultural de Galicia, o cemiterio forma parte do patrimonio cultural de Galicia (art. 1.3) polo que, calquera actuación que se efectúe sobre o ámbito, deberá ter a autorización da Consellería de Cultura.*





5 Con respecto á actividade de cemiterio, o Decreto 133/2008 polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, inclúe os cemiterios dentro do punto 2.12.4 do 1, Actividades suxeitas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental. A xuízo do técnico que subscribe, a actividade e de cemiterio está sometida ao procedemento de avaliación ambiental, se ben é certo que pola escasa magnitude da ampliación (16 panteóns) parece que podería encadrar dentro do Anexo II, toda vez que se trata dunha ampliación, cando no texto do Decreto figura "cemiterio". En todo caso, segundo o art. 2.2 parágrafo segundo, será a consellería competente a que se pronuncie sobre a necesidade ou non da avaliación ambiental das actividades recollidas neste parágrafo, atendendo aos criterios do Anexo II. Polo tanto, propónse dar traslado dunha copia do expediente a fin de que a citada consellería se pronuncie sobre a necesidade ou non do procedemento de Avaliación Ambiental.

6 O Artigo 53 do Decreto 134/1998, do 23 de abril, sobre policía sanitaria mortuoria, coas sucesivas modificacións, establece no artigo 53 que, previamente á autorización municipal deberá tramitarse a autorización sanitaria. "Terminada a instrucción e finalizado o periodo de exposición, o expediente e proxecto remitiránse ao delegado provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, quen, de axustarse o proxecto e o expediente á normativa sanitaria vixente, outorgará a correspondente autorización sanitaria, dando conta de dita resolución á entidade propietaria e ao concello correspondente a efectos do outorgamento da licenza de obras". Con posterioridade, e previa á concesión da licenza de apertura das instalacións, estarase ao indicado no artigo 55 do mesmo Decreto, "Artículo 55. Autorización de apertura. Finalizadas as obras de construción ou ampliación de un cementerio, a entidade propietaria, a través do concello, comunicará ao delegado provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, que ordenará a realización da visita de inspección de fin de obra ao obxecto de comprobar o cumprimento das condicións sanitarias aplicables ao caso e concederá ou non a autorización de apertura."

7 As autorizacións sectoriais precisas, segundo o artigo 196 LOUGA, que se deberán acadar previamente á concesión da licenza municipal de obras, serán as seguintes:

- 7.1 Concellería de Cultura.
- 7.2 Consellería de Sanidade. Informe previo á licenza de obras e autorización de apertura.
- 7.3 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Servizo de Avaliación Ambiental.
- 7.4 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Servizo de Avaliación Urbanismo.

Polo que o técnico que subscribe, considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística autonómica e municipal, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude, de cara á concesión de licenza municipal de obra e provisional de actividade, previa obtención das autorizacións sectoriais pertinentes indicadas, no punto 7, para o cal, propónse dar traslado dunha copia do expediente completo, previos os trámites pertinentes, aos citados organismos."

Neste mesmo informe consta informe xurídico de data 24 de novembro de 2011, de Juan Carlos González Peteiro, de conformidade con informe técnico.

**A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa, por unanimidade dos presentes, acorda:**

Remiti-lo expediente completo á:


- Concellería de Cultura.
- Consellería de Sanidade. Informe previo á licenza de obras e autorización de apertura.
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Servizo de Avaliación Ambiental.
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Servizo de Avaliación Urbanismo.

## **6.2.- Licencia de Obra maior.**

**6.2.1.-A Xunta de Goberno Local**, de conformidade co contido do informe técnico favorable do arquitecto do Concello, Lino Doporto Framil, de data 24 de novembro de 2011, e o informe xurídico de Juan Carlos González Peteiro, favorable de data 24 de novembro de 2011, por delegación da Alcaldesa, acorda por unanimidade dos presentes:

**1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licenza que se solicita nos termos que se expresan a continuación:**

- a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: Dº José Rodríguez Álvarez en representación de TERRAUGA PROXECTOS E OBRAS, S.L.
- b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Rehabilitación de vivenda unifamiliar.
- c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Oleiros, nº 22 (Silleda).
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Autor do proxecto: Arquitecto Dº Óscar L. Rodríguez Ramos (visado polo colexio oficial de Arquitectos de Galicia o 14 de maio de 2010, VD. 103368,1-3). Dirección de obra Arquitecto Dº Óscar L. Rodríguez Ramos (visado polo colexio oficial de Arquitectos de Galicia o 22 de xuño de 2010, VD. 083030,12) Dirección de execución Arquitecto Dº Óscar Botana Pérez (visado polo C.O.A.A.T. Pontevedra o 11 de novembro de 2011).
- e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 122.000,00 € (segundo memoria do proxecto básico).
- f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do arquitecto técnico municipal, de data 24 de novembro de 2011:



**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- 1.1 *TRLS/2008 (RDLex.2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 1.2 *LOUGA(L,9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 1.3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 1.4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 1.5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 1.6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L. 9/2002*
- 1.7 *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 1.8 *R XU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 1.9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 1.10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 1.11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 1.12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
- 1.13 *Planeamento do Concello de Silleda*
  - 1.13.1 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991*
  - 1.13.2 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995*
  - 1.13.3 *M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995*
  - 1.13.4 *M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002*
  - 1.13.5 *M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP(ART78). A.def. o 07/03/2002*
  - 1.13.6 *M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002*
  - 1.13.7 *P.Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981*
  - 1.13.8 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002*
  - 1.13.9 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007*
  - 1.13.10 *E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984*
  - 1.13.11 *E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984*
  - 1.13.12 *E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984*
- 1.14 *Concordantes*

**ANTECEDENTES:**

1 En data 15 de xullo de 2008, D. José Rodríguez Álvarez, en representación de TERRAUGA PROXECTOSE OBRAS, S.L. solicita licenza municipal de obras para rehabilitación de vivendas, situadas nos nº 21 e 22 do lugar de Oleiros, Silleda. Acompaña a solicitude con proxecto básico visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

2 Sométese a exposición pública mediante anuncio publicado en prensa, por un prazo de vinte días. Consta no expediente certificación da Secretaría Xeral do Concello de Silleda de data 17.out.2008, de que non foron feitas reclamacións.

3 En data 12 de decembro de 2008, o técnico que subscribe emite informe técnico favorable á actuación, propoñendo que se dea traslado dunha copia completa do expediente ao Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial da Xunta de Galicia a fin de obter a preceptiva autorización autonómica.

4 O 16 de decembro de 2008, a Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda adopta, entre outros, o seguinte acordo:

"4.1.2 Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial) para que emita Informe de cara á obtención da preceptiva autorización autonómica"

5 Dáse traslado do expediente segundo o acordo citado no punto 4, con R.S. 2825 de 2.xan.2009.

6 O día 6.xul.2009, R.E. 3236, ten entrada no Concello de Silleda requirimento do Servizo de Urbanismo do Departamento Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en relación co expediente nº 09-003, no que se indica o seguinte:

"(...) deberase tramitar, se o estima oportuno, un novo expediente, no relativo á rehabilitación da vivenda denominada "secundaria" no proxecto, situada no parcela coa referencia catastral 36052A073003030000KF, aos efectos da súa tramitación de acordo coo procedemento previsto no artigo 41 da LOUG."

7 En consecuencia, o 19.mai.2010, R.E. 2010, D. José Rodríguez Álvarez, en representación de TERRAUGA PROXECTOS E OBRAS, S.L. solicita licencia municipal de obras para rehabilitación dunha vivenda, situada no nº 22 do lugar de Oleiros, Silleda. Acompaña a solicitude e con proxecto básico visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

8 Sométese a exposición pública mediante anuncio publicado en prensa, por un prazo de vinte días. Consta no expediente certificación da Secretaría Xeral do Concello de Silleda de data 9.xul.2010, de que non foron feitas reclamacións.

9 Consta informe técnico do día 14 de outubro de 2011, asinado polo técnico que subscribe, polo que se propón inciar o trámite da Autorización Autonómica da parcela sita en Oleiros, 22.

10 A Xunta de Goberno Local do día 28 de outubro de 2011 acorda dar traslado do expediente ao Servizo de Urbanismo da Consellería de M.A.T.I.

11 Posteriormente, previo requirimento do Servizo de Urbanismo da Consellería de M.A.T.I., R.E. 699 de 18 de febreiro de 2011, emítese informe técnico sobre a antigüidade do hórreo próximo á vivenda, asinado o día 23 de febreiro de 2011. o día 1 de marzo de 2011, R.S. 337, dase traslado de unha copia do expediente completo á Consellería de Cultura e Turismo.

12 O 16 de Agosto de 2011, R.E. 3425, tén entrada no rexistro do Concello autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo.

13 O 22 de Setembro de 2011, rexistro de entrada nº 4024, tén entrada a Autorización Autonómica da Consellería de M.A.T.I. da Xunta de Galicia, autorizando o uso e actividade constructiva en solo rústico, coas condicións que se recollen no punto 6.4 deste Informe técnico.

A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística municipal e autonómica en vigor, se redacta o seguinte:

O proxecto conta caa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística municipal e autonómica en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte:

Verifícase o cumprimento da seguinte normativa de aplicación:

14 O solo onde se pretenden efectuar as obras está clasificado segundo a normativa urbanística en vigor actualmente no Concello de Silleda como Solo rústico, polo que se deberá tramitar Autorización autonómica consonte ao especificado no art.42 LOUG.

15 O Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 18 de marzo de 2010, e entrou en vigor o 18 de abril de 2010. O proxecto foi visado con posterioridade á entrada en vigor das devanditas normas, polo que lle serán de aplicación a citada normativa de habitabilidade de vivendas de Galicia. O proxecto presentado dá cumprimento aos requisitos esixidos pola Normativa de habitabilidade de Galicia en vigor.

16 O proxecto cumpre có establecido no CTE DB-SI de seguridade en caso de incendio.

17 O proxecto cumpre coa normativa de accesibilidade en vigor na comunidade de Galicia e o CTE DB-SUA.

18 O expediente conta coas autorizacións sectoriais pertinentes:

18.1 Autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e turismo.

18.2 Autorización Autonómica da Consellería de M.A.T.I. da Xunta de Galicia.


19 Polo que se considera que o proxecto básico presentado non contradi a Normativa urbanística autonómica e municipal, con arreglo ás condicións establecidas na Autorización Autonómica sinalada no punto 13 dos antecedentes. No entanto, non poderán iniciarse as obras en tanto non se presente e sexa verificada a seguinte documentación:

19.1 Proxecto de execución asinado por técnico competente e visado.

- 19.2 *Proxecto de execución asinado por técnico competente e visado.*
- 19.3 *Estudio ou estudio básico de seguridade e saúde.*
- 19.4 *Ao cumprimento do establecido na Autorización Autónoma da Consellería de M.A.T.I. Indicada no punto 13 dos antecedentes e recollida a continuación:*
1. *De conformidade e co disposto no artigo 42.1.e) do LOUG, farase constar no Rexistro da propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construción e uso autorizados, expresando a Indivisibilidade e as seguintes limitación ao uso e edificabilidade:*
    - *Uso autorizado: vivenda.*
    - *Superficie construída total: 439,87 m<sup>2</sup>.*
    - *Incremento de volume: 9,91%.*
  2. *As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados das edificacións serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno.*
  3. *Esta autorización queda sometida a condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das abrigas establecidas no artigo 42.1.a) e e) da LOUG. Para estes efectos será suficiente que o solicitante ochegue ante o concello:*
    - *O xustificante da prestación das garantías que a concello esixa, en particular, a prestación do aval a favor de este en garantía do exacto cumprimento dos comptomisos asumidos.*
    - *A certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas por esta autorización (artigo 42.1.e) da LOUG, en relación co disposto nos artigos 51.4 e 53.3 do Real Decreto Lexisla: tivo2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo).*

*Por tanto, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da documentación arriba expresada, asinada por técnicos competentes e visados no seu caso."*

- g) **PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS:** De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licenza caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.
- h) **OUTROS:**  
-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparelador, nº de licenza





e data da licencia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. N° de Licencia 2010/10.

2º) **Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 31,00 € (Informe Técnico) e 2.745,00 € (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.**

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda incluír os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes:

#### **1.- Aprobación de factura.**

Vista a factura presentada pola Asociación Cultural Sons de Trasdeza, Rexistro de Entrada nº 4979, de data 17 de novembro de 2011, correspondente a "Clases da Escola de Música Municipal de Silleda, novembro de 2011", polo importe total de 8.650,00 €, a Xunta de Goberno Local, por delegación da alcaldesa, por unanimidade, acorda a súa aprobación.

#### **2.- Bolsas de colaboración en Oficinas de Turismo 2012**


Vista convocatoria das BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS A BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE INFORMACIÓN EN OFICINAS DE TURISMO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2012, Publicada no BOP N° 205 de data 25 de outubro de 2011, **dase conta que, por Decreto de data 23 de novembro de 2011 do Concelleiro de Cultura e Turismo**, por delegación da Alcaldía, Matías Rodríguez da Torre, resolveuse:

*"1.- Aprobar a Memoria denominada," BOLSA DE COLABORACIÓN NA OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DE SILLEDA, cun orzamento total de 7.875,00 €.*

*2.- Solicitar unha subvención do 50 % do importe bruto dos custos de 3.937,50 €, en canto acto administrativo que non afecta a terceiros.*

*3.- Dar traslado deste decreto a Alcaldía*

*4.- Darlle conta á Intervención do acordo."*



Desta resolución douse conta a esta Xunta de Goberno Local no punto primeiro da presente Acta.

---

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as catorce horas e vinte minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe e certifico.

Vº e Prace  
A ALCALDESA,

Asdo: Paula Fernández Pena

Dou fe A SECRETARÍA,

Asdo: Cristina Alonso Losada